

Comentarios publicados no [blog da Biblioteca](#) do ies Sánchez Cantón no curso 07-08

1. A min o libro *A malvada María Xosé* non me gusta porque: ·Os personaxes son aburridísimos, porque non me gustan as aventuras nas que se meten, a min gústanme máis graciosas. ·A verdade é que eu non lín o libro ata o final, porque na metade durmíame. ·E por último recomendo a xente que lle guste ler libros de aventuras e de detectives que se anime que ao mellor ten máis sorte ca min. Porque este libro é unha mestura destas cousas. **(Marta)**

2. A min este libro moito non me gustou excepto, o final que era cando as cousas poñíanse interesantes, porque todo o mundo sabe o que vai suceder na seguinte páxina. O libro baséase nuns rapaces que xogan aos detectives guiados pola súa xefa que é a que lles manda facer todo, como nos libros que ela le de aventuras, na que tamén entra María Xosé, a protagonista deste libro. Recomendollo aos rapaces que estean aburridos e que non teñen outra cousa que facer e aos que lle gusten os libros de aventura e detectives. **(Rubén)**

3. O libro, "A malvada María Xosé", aínda que mo recomendaran non me gustou demasiado. Porque cando comeza vai explicando moitas cousas pero cando chega a máis da metade tarda moito tempo en desenvolverse e engade cousas difíciles de entender e, para o meu gusto, innecesarias. Pero tamén me gusta o misterio que ten; quizais causa do tardío remate. Pero ben, en resume, non me convenceu. **(Verónica)**

4. O libro "A malvada María Xosé" gustoume, pero non demasiado. Ten partes divertidas e entretidas que "enganchan", aínda que outras son moi aburridas e pérdese o fio da historia, que é realmente interesante. É un libro sorprendete, porque comeza cunha "tontería" e remata cunha grande aventura, que, como xa dixen anteriormente, ten partes moi boas; aínda que ten outras non tan boas. A personaxe que máis me gustou foi Viri, porque a súa vea de loucura faina unha persoa moi orixinal. Non me gustou María Xosé, porque me parece demasiado antipática cos demais. Animo á xente que lle gustan novelas de misterio a que o lea. **(Marta)**

5. A min o libro " *malvada María Xosé* " non me gustou moito, no principio da historia é aburrido porque xa se sabe quen é o que fixo a broma , aínda que logo pasan cousas que non me esperaba. A parte é mais interesante porque ten mais intriga. **(Marta)**

6. A min non me gustou este libro porque é bastante aburrido. Espero que a xente que non ten o mesmo gusto ca min o lea. **(David)**

7. A min o libro interesoume ao final, pero hai que dicir que aínda que é do meu estilo non me gustou demasiado, coma para dicir que é un moi bo libro de lectura para pasa-lo tempo entretido. **(Santiago)**

8. Este libro gustoume moito. Ensinoume que mentir non é divertido aínda que sexa unha broma, xa que pode rematar moi mal. Recomendoo posto que podes aprender que as mentiras non son boas. **(Ramón)**

9. Todo empeza cunha nena chamada María Xosé; gorda, malvada e sen amigos. Sempre lle gustaba fastidiar aos da panda de Viri: María das Virtudes, Rita, Luz, Andresiño e Cachoupas. Un día ve un home nunha casa abandonada e se lle ocorre gastarlle unha broma pesada aos da panda; decide poñer unha nota pedindo axuda na correa do gato Raúl, mascota da panda, porque sabe que Viri le moitas novelas de detectives e ... Ó final Rita decatouse que María Xosé ... Así acaba unha novela que me parece interesante; conta aventuras divertidas, e mantén a atención ata o final. Destacaría o poder de transformación que a amizade causa en María Xosé; esta pensaba que os demais a rexeitaban por gorda, pero ao final dáse conta que é ela a que se ve gorda e non se gusta a si mesma. Finalmente, o estilo gustoume porque falan todos os personaxes en primeira persoa; é divertido porque cada un da a súa visión particular dos feitos, e enriquece toda a historia. **(Pablo)**